

Dentro do proxecto “A Estrada, un mundo por descubrir”, un dos aspectos que observamos foi a flora da nosa zona e de xeito natural xurdiron as sobreiras de Balboa e Valiñas como exemplares sobresaíntes e que tiñan que ter un oco no proxecto. De todas as características que poden chamar a atención destas magníficas árbores, a que máis nos interesou foi a da lonxevidade pois así podíamos relacionar o noso traballo con outro que xa se estaba desenvolvendo na aula: os nosos familiares máis lonxeivos. Os nenos trouxeron da súa casa fotografías dos avós e bisavós coa súa idade e os presentaron aos compañeiros. Enlazando con esta idea creamos unha serie de actividades que xurdiron da explicación e traballo sobre a presentación “O tempo da vida”¹ na que se analizaba a vida dos distintos seres vivos deste planeta desde o punto de vista do seu tempo vital. Completamos estas actividades coa visita a unha das protagonistas: A sobreira de Valiñas. A excursión se completou cunha recollida de landras que foron sementadas polos alumnos que as están a coidar nas aulas.

Profundando no mundo da sobreira detivémonos nos usos que se poden facer desta árbore e da explotación da cortiza e expuxemos os usos máis comúns e os máis inesperados utilizando unha serie de fotografías² que buscaban a participación activa dos nenos. Incluso a postal de Nadal realizada polos alumnos foi deseñada con este material.

O Land Art é unha corrente artística que xurdiu á finais dos anos 60 e que ten como fin trasladar o traballo artístico aos espazos naturais que son transformados polo pensamento e a acción do artista. É un xeito de negar o papel preponderante dos museos e as galerías de arte e da perdurabilidade que parece que é indispensable para que algo sexa considerado arte. Nesta convicción e tendo como referente o Bosque de Oma³ de Agustín Ibarrola deseñamos unha actividade que simultaneaba catro talleres que traballaban na realización de produtos artísticos sobre un soporte natural e cunha mínima intervención das mestras.

O Primeiro taller era de pintura de follas, os nenos e nenas pintaron de xeito libre utilizando acrílicos as follas que antes clasificaran por cores e tamaños.

O segundo taller era de Water Painting sobre follas e realización de móbiles cosendo colares de follas. A técnica de water painting consiste na utilización de esmaltes de unllas mesturados para decorar diversas superficies. Neste caso decoramos as follas que elixían os alumnos.

¹ <http://prezi.com/j2wrryhvfxyzp/o-tempo-da-vida/>

² <http://prezi.com/y8yvfi8ngbpv/feito-para-feito-de/>

³ http://prezi.com/fs4k_mc1mkb2/el-bosque-de-oma/

O terceiro taller foi de pintura libre sobre rochas.

O cuarto taller foi a recreación do bosque de Oma no patio do colexio. Se pintaron os piñeiros da parte do patio.

Os talleres se realizaron de xeito simultáneo e os alumnos ían pasando de un ao outro cada 15 minutos, así nos aseguramos de que todos os nenos de infantil fixeron todas as actividades e participaron de xeito activo.

Conseguimos emular O Bosque de Oma no noso patio de Recreo, que os nenos o fixeran un pouco máis seu, que descubriaran que a arte pode ter soportes inesperados e que toda a natureza axuda á hora de crear a partir dela. Ademais divertímonos de verdade e conseguimos unha decoración orixinal para ambientar o corredor de Infantil para Nadal.